



Concello de Brión

www.concellodebrion.org

OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO

Casa da Cultura

Carballeira de Santa Minia nº5
15865 BRIÓN

Tlf.: 981 509 908
voluntariado@briondixital.org

C
a
d
e
r
n
o

d
o

v
o
l
u
n
t
a
r
i
o

Brión, xente de vontade





Oficina Municipal de Voluntariado



CONCELLO DE BRIÓN

PASOS A SEGUIR.

1. **Ir á O.M.V.**
2. Alí recibirás **información** acerca do programa de voluntariado.
3. Formalización do **compromiso** (acordo de colaboración) e ficha de **inscripción**.
4. Establecemos **preferencia de tarefas** e **horario**.
5. **Asignación de tarefas.**
6. **Identificación:** carnet do voluntario no momento de empeza-la actividade.
7. **Período de proba.** Se non estás a gusto coa actividade ou desde a O.V. se considera que non és axeitado para esa tarefa, podes cambiar de actividade.
8. **Seguimento e avaliación** do voluntario e das actividades
9. **Inscripción ó longo de todo o ano.** Desde o momento en que te inscribes xa empezas a recibir información, podéndote apuntar ás actividades que en cada momento che interesen e podendo propoñer actividades novas.
10. **Baixas:** se prevés que durante unha tempada non vas poder colaborar, ou se pasan tres meses sen ter noticias túas, podes ter unha **baixa temporal**, o que implica que na O.V. non imos contar contigo, en principio, para as actividades, pero si queres podes seguir recibindo información. Cando xa volvas a ter dispoñibilidade avisas e dáseche de alta outra vez. Se por calquera razón non vas poder seguir colaborando podes pedi-la **baixa definitiva**, sen que elo implique que en calquera outro momento non poidas volver a darte de alta, volvendo a asina-lo compromiso de colaboración.



O VOLUNTARIADO

O Voluntariado é o conxunto de actividades desenvolvidas en áreas de interese xeral sempre que:

- teñan carácter solidario e altruísta
- se realicen libremente
- se leven a cabo sen contraprestación material
- se desenvolvan a través dunha organización, pública ou privada, sen ánimo de lucro e de acordo con proxectos concretos



PERO O VOLUNTARIADO É MÁIS:

Participación
Organización
Responsabilidade e compromiso
Continuidade
Respeto
Colaboración
Formación
Denuncia e reivindicación
Sensibilización
Loita pola igualdade

QUE NON É O VOLUNTARIADO:

Man de obra barata.
Acceso a un posto de traballo.
Unha práctica profesional.
Suplantación do profesional.

ÁREAS DE INTERESE XERAL

- | | | |
|----------------------|-----------------------------|--------------------|
| - Servicios Sociais | - Saúde | - Protección Civil |
| - Medio ambiente | - Cultura | - Educación |
| - Ocio e tempo libre | - Consumo | - Xuventude |
| - Dereitos humanos | - Cooperación internacional | |

O VOLUNTARIADO EN BRIÓN

O Concello de Brión, no mes de Setembro de 1997, puxo en marcha, xunto cun grupo de concellos da provincia de A Coruña e en colaboración coa Fundación Paideia, un proxecto sobre a *Implantación do voluntariado en Concellos rurais ou semiurbanos*. Este proxecto plasmouse na creación, ó ano seguinte, da

Oficina Municipal de Voluntariado


O obxectivo desta Oficina é o de facilitar e promove-lo voluntariado e a participación activa dos veciños na vida cultural, social, laboral e comunitaria do concello.

Co fin de conquistar este obxectivo, dende o ano 2002 estableceuse unha moi estreita colaboración entre a OMV e as distintas

Entidades de Voluntariado de Brión

Estas entidades son as distintas asociacións do concello que, entre os seus programas, contan coa promoción do voluntariado como un xeito de lograr unha cidadanía organizada, participativa, responsable e solidaria que colabore na detección e solución das necesidades do seu Concello.

Na Oficina Municipal de Voluntariado, situada no Centro de Servizos Sociais, e nas sedes das distintas entidades de voluntariado, está a disposición dos voluntarios unha *relación das actividades nas que poden colaborar*, tendo en conta as súas aptitudes e preferencias.



OS VOLUNTARIOS

Voluntario é aquela persoa que, no uso da súa **liberdade**, elixe e decide comprometer parte do seu tempo, coñecementos, habilidades e cualidades persoais en favor doutras persoas e ó servizo da sociedade en xeral, de xeito **altruísta** e totalmente **desinteresado**, desde o seo de **entidades de acción voluntaria** sen ánimo de lucro.

CARACTERÍSTICAS FUNDAMENTAIS:

- ten sensibilidade social
- axuda ós demais
- comprométese libremente
- é solidario
- traballa de xeito altruísta
- actúa desde unha asociación

ACTITUDES


- discreción
- respecto
- compromiso
- amabilidade
- afectuosidade
- empatía
- traballo en equipo

APTITUDES

- capacidade de entrega e traballo en equipo
- tempo libre suficiente para poder facer voluntariado
- formación adecuada
- condicións físicas e psíquicas


O voluntario, desde o momento en que decide colaborar, ten unha serie de normas, de deberes que se compromete a cumprir, pero ó mesmo tempo tamén ten unha serie de dereitos que debe reclamar da organización, neste caso o Concello. Os dereitos e deberes do voluntario están recollidos na **Carta do Voluntariado Local**.





DEBERES DOS VOLUNTARIOS

- Coñece-la natureza, obxectivos e fins que a Administración ten en materia de voluntariado e a lexislación da Comunidade Autónoma neste eido.
- Garda-la confidencialidade respecto da información recibida e coñecida no desenvolvemento da súa actividade voluntaria.
- Non aceptar contraprestación material que poida recibir por parte do beneficiario ou de outras persoas na súa acción.
- Respecta-los compromisos acordados de adicación e tempo, sempre que o permitan as circunstancias concretas en cada caso.
- Respecta-los dereitos e crenzas das persoas beneficiarias, realizando a prestación voluntaria sen ningún tipo de proselitismo ideolóxico nin relixioso.
- Participar nas actividades de formación establecidas.
- Observa-las medidas de seguridade e hixiene que se adopten.
- Coidar e facer bo uso dos recursos materiais que para o desenvolvemento da súa actividade se poñan á súa disposición.
- Empregar debidamente as súas acreditacións.
- Comunica-los posibles períodos de suspensión da súa actividade de voluntario, a efectos de control no rexistro de altas e baixas de voluntarios.



En Galicia o voluntariado está regulado por:

- * Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado, vixente en todo o Estado español
- * Lei 3/2000 do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia.

CARTA DO VOLUNTARIADO LOCAL

Toda persoa física terá dereito a desenvolver un traballo voluntario, acorde coas súas aptitudes e capacidades, no seo das organizacións locais de voluntariado, de conformidade cos fins, principios, dereitos e deberes que seguidamente se sinalan.

FINS DO VOLUNTARIADO


As actuacións do voluntariado poderán ter por finalidade:

- Contribuír a elimina-los obstáculos que impidan a igualdade, eliminando calquera tipo de violencia e favorecendo o avance da sociedade.
- Promove-los valores sociais, culturais, deportivos e ecolóxicos.
- Previr e remove-las situacións causantes de feitos que producen exclusión.
- Promove-la defensa dos dereitos e intereses dos cidadáns.
- Desenvolver programas nas áreas de interese xeral con especial incidencia no ámbito educativo e socio-comunitario.



PRINCIPIOS DO VOLUNTARIADO

- O traballo realizado por todo voluntario terá o carácter de libre, realizado de forma altruísta e responsable en actividades de interese xeral, baseándose no concepto da solidariedade.
- A actuación fundaméntase no respecto ás convicções e crenzas das persoas, loitando contra as distintas formas de exclusión.
- O traballo estará coordinado na programación de cada servicio polos profesionais responsables, de acordo a proxectos concretos de interese xeral.
- O traballo será complementario do traballo dos profesionais do campo da asistencia social ou dos profesionais doutros campos de interese xeral.
- Non se poderán cubrir con persoal voluntario postos de traballo que polas súas características sexan susceptibles de incluírse nas ofertas de emprego público.
- As entidades orientarán ó voluntariado naquelas actividades máis axeitadas ás súas aptitudes, de acordo coas necesidades de programación e respectando, en todo caso, a súa vontade.



- A relación entre a entidade e o voluntario reflectirase nun compromiso escrito que suporá a aceptación desta carta por ámbalas dúas partes, así como o recoñecemento da súa exclusión como como contrato de traballo ou relación mercantil ou calquera outra retribuída.
- A entidade facilitará ó voluntario unha acreditación que sirva de habilitación e o identifique para o desenvolvemento da súa actividade.



DEREITOS DOS VOLUNTARIOS

- A non ser discriminado nin recibir tratos diferenciados por razón de raza, sexo, relixión, condición social ou ideoloxía.
- A recibir-la orientación, apoio e formación axeitados para o desenvolvemento das tarefas que teña encomendadas.
- A realizar-lo traballo voluntario en condicións de seguridade e hixiene axeitadas e no seu contorno máis próximo.
- A ser cubertos polo concello os gastos a que poida dar lugar o exercicio da súa actividade, agás no suposto de renuncia escrita do voluntario.
- Á cobertura dos riscos a que poidan estar exposto-os voluntarios, mediante a correspondente póliza de seguro, na que se incluírán as posibles responsabilidades civís que da súa actuación poidan derivarse fronte a terceiros. As características e capitais adaptaranse ós que sexan establecidos regulamentariamente.
- A organizarse e estar representado nos órganos de asesoramento que sexan constituídos, facilitando a súa participación na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñan.
- A que se asigne outra actividade cando existan causas que o xustifiquen, sempre dentro das posibilidades da entidade.
- A exercer-la súa liberdade de conciencia no desenvolvemento das actividades.
- A ser dotado dos medios e recursos axeitados para o cumprimento das súas funcións.
- A dispor dunha acreditación que o habilite e identifique para o desenvolvemento da actividade.
- A que se certifique a súa actividade de persoa voluntaria con constancia dos seus datos persoais e a duración e natureza da actividade desenvolvida.
- A cesar libremente na súa condición de persoa voluntaria.
- As demais que se deriven da normativa que regule o voluntariado na Comunidade Autónoma de Galicia.